



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Webinario A Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

**CONVOCATORIA:** Webinario A Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia

**GRUPO:** Servizo EIP EGAP

**ÁREA:** Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	2
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO UN	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2022
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	DIVULGACIÓN	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 24/06/2022 - 08:00h ao 28/06/2022 - 23:55h

**RESPONSABLE:** CASAL VALIÑO, MARÍA PILAR [maria.pilar.casal.valino@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

O artigo 43 da Constitución española, tras proclamar o dereito á protección da saúde, dispón que compete aos poderes públicos organizar e tutelar a saúde pública a través de medidas preventivas e das prestacións e servizos necesarios e que a lei establecerá os dereitos e deberes de todos ao respecto.

Na Comunidade Autónoma de Galicia, para levar a efecto este mandato constitucional, completouse o corpo normativo fundamental de tutela da saúde pública a nivel estatal coa Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, norma que, entre outras cousas, recolle unha serie de medidas que as autoridades sanitarias poderán adoptar para tutelar a saúde pública en situacións de risco.

Non obstante o anterior, a crise da COVID-19 puxo de manifesto que era preciso contar cunha maior regulación no que respecta á articulación dos mecanismos extraordinarios que recolle esta lexislación para tutelar a saúde pública ante as crises sanitarias e a esta consideración responde a Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Esta lei trata de responder, fundamentalmente, á necesidade dunha maior concreción das medidas susceptibles de ser adoptadas nestes casos e de contar cunha axeitada regulación dos requisitos exixibles para a súa adopción por parte da autoridade sanitaria competente, así como á necesidade dunha maior claridade e concreción do réxime sancionador aplicable e da precisión dos termos e do alcance da garantía xudicial.

Este webinario ten como obxectivo dar a coñecer o contido da Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, con especial fincapé nas modificacións que introduciu respecto da regulación anterior.

### DESTINATARIOS

Esta actividade está dirixida ao persoal empregado público, en situación de servizo activo ou asimilada, da Administración autonómica galega, das súas entidades públicas instrumentais e da Administración institucional, da Administración local e das universidades do Sistema universitario de Galicia.

**PROGRAMA**

Sesión de telepresenza sobre o tema indicado nos obxectivos desta ficha e na base primeira da convocatoria DOG.

**CRITERIOS DE SELECCIÓN**

A orde de admisión virá determinada pola data e a hora de presentación das solicitudes ata completar o número de prazas.

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA ALUMNOS**

As persoas interesadas deberán seleccionar primeiro a área en que está integrada esta actividade (Réxime xurídico e actividade financeira das administracións públicas) e despois seleccionar en «nome do curso»: webinario A Lei 8/2021, do 25 de febreiro, de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

Antes de formalizar a súa inscrición nesta actividade, todas as persoas deberán introducir ou actualizar os datos da súa área de matrícula, de acordo co establecido na base segunda da convocatoria respecto das persoas destinatarias.

**3. DATOS EDICIÓNS****TELEPRESENZA****LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN**INICIO / FIN:** 30/06/2022 a 30/06/2022**NUM. PRAZAS:** 100**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)**DATA EXAME:****DOCENTES NOMEADOS**

alberto fuentes losada